



CÓDIGO DO CENTRO

1 5 0 2 7 4 1 1

IES	de Cacheiras
-----	--------------

Enderezo		C.P.
Costenla, 36		15883
Localidade	Concello	Provincia
CACHEIRAS	TEO	A CORUÑA
Tfno.	Correo electrónico	
881866473	ies.cacheiras@edu.xunta.gal	
Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/iescacheiras	

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CAPÍTULO I

2023-2024

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CAPÍTULO I

CURSO 2023-2024*

ÍNDICE XERAL

1.- PLAN ANUAL.....	px. 3
2.- PERSOAL DOCENTE E ALUMNADO.....	px. 10
3.- HORARIO DO INSTITUTO.....	px. 13
4.- ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS (transporte).....	px. 15

*Aprobarase nos próximo consello escolar.

1.- PLAN ANUAL

1.1 Obxectivos xerais .

Formular obxectivos eficaces significa coñecer con precisión onde desexamos ir antes de elixir un camiño para chegarmos a unha meta. Por outra parte, trátase de programarmos adecuadamente e priorizarmos esforzos. Este proxecto pretende deseñar e executar actuacións nos próximos cursos coa finalidade de ofrecer un servizo educativo de calidade que garanta unha formación integral e atenda con eficacia as necesidades, os dereitos e as aspiracións do alumnado e das súas familias.

- Favorecer a convivencia, o respecto cara ás persoas, a solidariedade, a non discriminación, a igualdade de oportunidades e a perspectiva de xénero en todos os ámbitos, así como a integración a modo de previr conflitos.

- Fomentar a participación democrática de todos os membros da comunidade escolar na vida do centro.

- Crear unha cultura do diálogo, transparencia na xestión e participación entre pais, nais alumnado e profesorado.

- Fomentar a actitude positiva cara ao traballo, o esforzo, a responsabilidade, a excelencia e o ánimo constante de mellora.

- Potenciar a creatividade, o espírito crítico e a autonomía persoal e intelectual.

- Promover as actividades complementarias e extraescolares.

- Impulsar e apoiar as actividades físicas e deportivas ao tempo que se animará no coidado do contorno próximo e do medio ambiente.

- Procurar o éxito escolar que facilite o progreso persoal, o acceso a estudos superiores e a inserción laboral do alumnado.

- Priorizar a lingua galega como lingua vehicular e respectar o uso doutras linguas, favorecendo un clima práctico de convivencia lingüística.

- Conseguir un centro aberto á sociedade establecendo relacións institucionais co concello, outros centros ou entidades e asociacións do contorno, estando especialmente atentos/as a todas as novidades relacionadas co ensino en Galicia e no Estado, desde un punto de vista crítico e comprometido co ensino público.

- Internacionalizar o centro despertando o interese por participar en proxectos de formación e/ou intercambio con outros centros, organizacións ou diferentes entidades galegas, estatais e/ou europeas.

Levaremos a cabo a consecución dos obxectivos anteriores mediante a aplicación das tarefas de ensino-aprendizaxe, ou sexa no traballo diario, realizado segundo as directrices dos órganos de goberno do centro e mediante proxectos que axuden á consecución dos obxectivos. Por outra parte, procurarase que o centro dispoña de instalacións axeitadas, dun equipamento docente acorde ás necesidades e conte coa participación da comunidade educativa na xestión e control de decisións sobre organización e funcionamento do centro.

1.2 Obxectivos específicos

• **Obxectivos específicos relacionados co proceso de ensino aprendizaxe:**

- Mellorar o rendemento xeral e os resultados do alumnado, incidindo moi especialmente na consecución das competencias básicas. Manter e mellorar os seus resultados de titulación e promoción.
- Implicar máis ás familias no seguimento dos estudos dos seus/súas fillos/as para evitar o abandono escolar.
- Internacionalizar o centro fomentando o uso das linguas estranxeiras e os intercambios con centros europeos.
- Promover o uso responsable das novas tecnoloxías como recurso didáctico.
- Impulsar a formación permanente do profesorado, a innovación pedagóxica e a investigación educativa.
- Fomentar o uso da lingua galega.
- Concienciar á comunidade educativa no respecto polo medio ambiente e nunha actuación responsable coa situación actual de cambio climático.
- Impulsar competicións deportivas internas e intercentros.

• **Obxectivos específicos relacionados coa convivencia no centro**

- Recoñecer e valorar o traballo do profesorado implicado na vida activa do centro.
- Continuar traballando na mellora do clima de convivencia entre todos os membros da comunidade.
- Fomentar actitudes positivas baseadas no diálogo e na comprensión e promover unha actitude de axuda e apoio entre os membros da comunidade educativa como coa sociedade en xeral.
- Fomentar a educación en igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación e a prevención da violencia de xénero.

- Fomentar o respecto e coidado das instalacións e do material co que contamos.
- Abrir a acción directiva ás propostas de mellora e suxestións.

- **Obxectivos específicos relacionados coa organización do centro**

- Mellorar, na medida do posible, as instalacións e os medios materiais do centro.
- Mellorar a imaxe pública do centro dando a coñecer as súas actividades e os seus éxitos.

- **Obxectivos específicos relacionados coa implantación de plans e programas no centro**

- Continuar co PLAMBE, co Plan de lectura do centro e co Proxecto lector, deseñándose obxectivos e actuacións que fomenten o hábito da lectura, entendida esta como actividade humana pracenteira utilizando os libros e os espazos como elementos lúdicos.
- Seguir fomentando o uso de plans proporcionados pola Consellería (contratos programa, plans proxecta,...)

1.3 Medidas básicas que desenvolver:

Consonte cos obxectivos específicos recollidos no apartado anterior, as medidas propostas para a súa consecución son as seguintes:

- Realización de reunións dos departamentos didácticos, da comisión de coordinación pedagóxica, das titorías para fixar estratexias de actuación coordinadas e do departamento de orientación, co fin de establecer uns criterios de promoción e de proposta de titulación obxectivos para todo o alumnado do centro.
- Reunións dos/as titores/as co xefe de estudos e co orientador para unificar estratexias de actuación e fixar criterios a partir destas periódicas postas en común.
- Programación de reunións cos pais e/ou coas nais, por parte dos/as titores/as, equipo directivo e do departamento de orientación, concertadas previamente. Trátase de informar axeitadamente das normas de convivencia (NOF), horario de grupo e profesorado de grupo, horario de atención do profesorado, calendario escolar, datas de avaliación, información curricular, transporte escolar, actividades extraescolares, páxina web, criterios de promoción e titulación ou calquera dúbida que vai xurdindo coa finalidade de conseguiren entre todos un resultado óptimo na formación do alumnado. Estas reunións coas familias de alumnado de ESO e coas familias con alumnado de bacharelato programáronse para o 2, 3, 4 e 5 de outubro. Fixéronse de xeito presencial, coa asistencia do titor/a, da xefatura de estudos, da directora e do orientador.
- Realización de programas que consoliden a mellora da convivencia do alumnado no ámbito escolar e fóra del.
- Atención á diversidade:
 - o O alumnado que teña exención de francés ou portugués como segunda lingua de 1º e 2º de ESO ou con ACI terá un reforzo educativo nas áreas de linguas. En 1º de ESO este reforzo está formado por 11 alumnos/as, o de 2º ESO conta con 19 alumnos/as. Este número de alumnado pode incrementarse durante o curso e sobre todo tralas avaliacións iniciais.
 - o Este curso elaboráronse 3 ACI: 2 en 2º ESO e 1 en 3º ESO.
 - o Temos dous grupos de Diversificación Curricular, un en terceiro e outro en cuarto de ESO. Ámbolos dous con oito alumnos/as.
 - o Alén disto, artéllanse apoios, dentro e fóra da aula, para o alumnado con dificultades de aprendizaxe.

- Consolidación da sección bilingüe. Desde o curso 2011-12 impártese lingua portuguesa no centro e desde o curso 2014-2015 temos seccións bilingües de portugués na materia de matemáticas, nalgún curso mesmo houbo dúas seccións bilingües de portugués. No presente curso temos unha sección bilingüe de portugués na materia de matemáticas en 3º de ESO con 10 alumnos/as.
- Establecemento de criterios na elaboración dos horarios dos profesores/as e do alumnado.
- Reparto dos grupos de tutoría entre o profesorado que imparte en ESO e bacharelato, de maneira que dentro do posible haxa rotación no desemprego desta tarefa. De ser posible, quedará sen tutoría de grupo o profesorado electo para o consello escolar e o que teña 20 horas lectivas.
- Plan de formación permanente de profesorado no centro: por quinto ano consecutivo continuamos co proxecto de formación do profesorado dentro do centro. Temos unha liña de formación con dous itinerarios: o Plan Dixital que contén o proxecto de Polos Creativos e unha integración didáctica das TIC. O Plan dixital de centro contén dous itinerarios: a formación en Avanzando no EVA E- Dixgal e o Polo Creativo: Paisaxe e cambio climático.
- Fomento por parte da dirección para a participación do profesorado en actividades de formación relacionadas coa súa práctica docente.
- Apoio ao equipo de dinamización lingüística e ~~estimular~~ a realización de actividades coordinadas por este. Dinamización e potenciación da lingua galega na comunidade educativa. Participación do alumnado en concursos ou outras actividades co apoio do profesorado.
- Colaboración cos departamentos que o demanden para a elaboración en galego de materiais educativos, programacións didácticas, actividades, dinamizacións ou outras tarefas didácticas.
- Constitución do equipo encargado da biblioteca e integrado por un profesor coordinador e un equipo de biblioteca formado por 6 profesores/as aos que lles foron atribuídas horas de traballo consonte o Plan de mellora de biblioteca. A coordinación do EDLG e o equipo da biblioteca está contemplada con reunións semanais, co fin de programar, artellar e executar actividades de xeito conxunto que aproveiten sinerxias e potencien o labor formativo.
- Proposta de actividades que resulten de interese para toda a comunidade educativa, en colaboración co concello, asociacións culturais ou outras entidades da contorna.
- Continuación do Club de lectura, actualización periódica na web do centro, onde se poden ver as actividades previstas para este curso da Biblioteca Luisa Villalta e dos Clubes de lectura do IES de Cacheiras.

- Incorporación do centro a novos proxectos educativos, nomeadamente no Plan Dixital e reflexión sobre o fomento da diversidade lingüística, a aprendizaxe e a formación complementaria en linguas estranxeiras.
- Fomento a través do equipo de Polos Creativos da necesidade de implicación de toda a comunidade educativa para conseguir un centro sostible e respectuoso co medio ambiente.
- Solicitud, a través do equipo Erasmus, da acreditación que permita a mobilidade de alumnado e profesorado nos vindeiros cursos.
- Creación dun club de ciencias que fomente a vocación científica entre o noso alumnado e asente de maneira lúdico o coñecemento científico propio desta etapa.
- Información á comunidade escolar das datas de renovación do consello escolar. Irase sensibilizando á comunidade escolar da importancia de participar neste órgano de decisión colectiva.

1.4 Medidas organizativas

- Elección de delegados de grupo. Farase na primeira quincena de curso. Ao tempo aproveitarase para concienciar da súa importancia no centro, dándolles a coñecer as súas funcións e implicalos/as no obxectivo de optimizar as NOF. Así mesmo, facilitarase a reunión de delegados en horas de recreo para a constitución da Xunta de delegados, reunións periódicas ou outras cuestións que consideren oportunas.
- Participación do alumnado e das familias, nomeadamente a través da ANPA, na elaboración das normas de convivencia do centro recollidas nas NOF.
- Información ás familias das faltas de asistencia do alumnado. Utilizarase o Abalar móbil e, de ser necesario, enviaranse en papel as faltas non xustificadas. Con todo, se un/ha alumno/a é sorprendido/a fóra da aula en momentos que debería estar presente ou calquera situación especialmente anómala, a comunicación coa familia é inmediata por vía telefónica.
- Elaboración por escrito de informes de actitudes incorrectas ou conflitos dos que se dará conta ás familias, coa finalidade de adoptar as medidas necesarias para a súa corrección.
- Colaboración do IES de Cacheiras co Concello de Teo na realización de actividades extraescolares e complementarias, propostas por ambas as partes.
- Reunións entre os equipos directivos e departamentos de orientación do IES e os CEIP do concello.
- Organización de xornadas de portas abertas para o alumnado de cada CEIP que se vaia incorporar ao centro, acompañado de profesores e/ou pais e nais.
- Continuación das reunións en cada un dos CEIP do Concello de Teo cos pais e nais do alumnado que accede cada ano ao IES de Cacheiras. Normalmente terán lugar nunha tarde do mes de maio, fóra do horario lectivo, pois así o demandan as comunidades educativas dos devanditos CEIP.
- Mantemento das instalacións mediante a pintura de aulas, ximnasio, pavillón e outras dependencias, arranxos e reparación de portas, persianas ou outros elementos que se deterioraron no curso pasado.
- Fomento da responsabilidade de cada grupo de alumnos/as no mantemento da súa aula. Nas primeiras semanas do curso, na hora de titoría, farán un inventario da situación da clase; desta maneira o alumnado responsabilízase da súa aula e haberá un control detallado dos potenciais danos. Ao final de cada trimestre realizarase unha comprobación do estado da aula co seu titor ou titora, do que o alumnado e/ou o titor/a deberá dar conta ao secretario do centro.

1.5 Recursos previstos

- Dispoñemos dunha biblioteca escolar renovada, co fin de darlle máis dinamismo e cumprir de xeito óptimo as actividades vinculadas ao Plan de mellora de bibliotecas escolares. Contamos tamén cun equipo de profesorado que se encargará de deseñar e dinamizar o centro con estas actividades.
- Existe un recinto exterior moi diverso que pode converterse nun espazo complementario que é apto para ser empregado para tarefas didácticas. Seguirase perfeccionando este espazo, profundizando mesmo nunha mellora con perspectiva de xénero.
- Contamos co programa de educación dixital (Edixgal) en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO, polo que o alumnado de 1º ESO terá 10 materias, o de 2º de ESO seguirá con 9 materias en educación dixital, o de 3º ESO 11 materias e en 4º de ESO 15 materias do seu currículo.
- Temos unha importante dotación de material gracias ao programa de Polos Creativos. Tamén se creou un equipo de traballo destinado a levar a cabo este plan coa intención de conseguir un centro máis sostible e concienciar ao alumnado neste propósito.
- Por outra parte, contamos con equipos de traballo que a través de plans proxecta, contratos programa, polos creativos, club de ciencias ou outros programas que ofrece a consellería, encargaranse de realizar actividades que contribúan a dinamizar o centro, facilitar a convivencia, facelo máis sostible e internacionalizalo. Estes equipos de traballo son: o equipo de Erasmus (que solicitará a acreditación co fin de realizar mobilidades de profesorado e alumnado nos vindeiros anos), o club de ciencias, os dinamizadores de recreos activos, o taller de estatística e a Aula de teatro.
- Instalaremos as ferramentas informáticas co fin de dixitalizar o máis posible as aulas. Esta dotación está vinculada ao programa Aulas dixitais.
- Existe unha dotación de ordenadores portátiles que poden ser empregados polo profesorado nas tarefas pedagóxicas, mesmo dispoñendo deles para o emprego do alumnado nas aulas.
- Dispoñemos de conexión a internet en todas as aulas, proxectores, pantallas dixitais e ordenadores portátiles.
- Todo material pedagóxico está a disposición do profesorado, coa finalidade de que poida usalo convenientemente na súa función docente.
- Así e todo, o recurso fundamental para todos os obxectivos é o humano. Cómpre recoñecer e agradecer o esforzo daqueles que dedican tempo fóra do seu horario laboral ou escolar, nomeadamente aos que se esforzan na realización de actividades que non teñen o carácter de obrigatorias en ningún currículo ou programación, pero que supoñen un enriquecemento para a comunidade escolar.

- Cómpre recoñecer o labor do Concello de Teo en temas considerados transversais. Grazas a esa colaboración, en combinación co departamento de orientación do IES, o alumnado pode recibir instrución e mellor atención en temas de educación para a saúde, igualdade e tamén educación vial, sexual, medioambiental ou mediante a realización de talleres ou convocatorias de concursos literarios sobre eses temas. Da mesma maneira, o departamento de orientación velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e traballará no seguimento do Plan de Acción Titorial.

Ademais, debemos recoñecer e agradecer a colaboración das asociacións culturais deste concello en temas transversais, a través da organización de charlas, concursos de debuxo, visita á biblioteca municipal, concertos musicais, representacións teatrais ou outras actividades.

2.- PERSOAL DOCENTE E ALUMNADO

2.1 PROFESORADO

O número total do profesorado ascende a 65 entre eles, unha profesora de Pedagogía Terapéutica compartida co CEIP dos Tilos, e unha profesora de Relixión Evanxélica compartida co IES do Milladoiro. Están distribuídos/as en 17 departamentos didácticos tal como aparece no cadro adxunto.

DEPARTAMENTOS	PROFESORADO	
	DEFINITIVOS	PROVISIONAIS
Educación plástica e visual	2	
Bioloxía e xeoloxía	4	
Economía	2	
Educación física	1	2
Filosofía	2	
Física e química	3	
Francés	1	2
Inglés	5	
Latín e grego	1	
Lingua castelá e literatura	4	2
Lingua galega e literatura	5	1
Portugués	1	
Matemáticas	7	2
Música	2	
Tecnoloxía	3	2
Xeografía e historia	3	3
Relixión	1	1/2*
Orientación*	2	1/2**
TOTAL	49	15

*O departamento de Relixión está formado por un profesor de relixión católica, definitivo no centro e unha profesora de relixión evanxélica provisional compartida co IES do Milladoiro.

**O departamento de Orientación está integrado por un orientador, unha profesora de Pedagogía terapéutica definitiva e mais unha profesora de Pedagogía terapéutica provisional, compartida co CEIP dos Tilos

Ademais no curso 2023-24 o IES de Cacheiras conta cunha auxiliar de conversa de portugués que apoia o alumnado da sección bilingüe de Matemáticas en portugués e a segunda lingua estranxeira da mesma especialidade. Con todo, non forma parte do cadro de persoal nin da cota contemplada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2.2 ALUMNADO

O número total de alumnos e alumnas é de 679, repartidos entre 1º e 2º ciclo de educación secundaria obrigatoria (512), e 1º e 2º cursos de bacharelato (167). Impártense dous bacharelatos: bacharelato de ciencias e tecnoloxía, e mais o bacharelato de humanidades e ciencias sociais.

Os alumnos e alumnas distribúense segundo aparece nos seguintes cadros:

ESO

ESO: PRIMEIRO CICLO		
CURSO	ALUMNOS/AS	GRUPOS
1º ESO	154	6
2º ESO	137	5

ESO: SEGUNDO CICLO		
CURSO	ALUMNOS/AS	GRUPOS
3º ESO	120	5 + PDC
4º ESO	101	4 + PDC

BACHARELATO

CIENCIAS			HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS		
CURSO	ALUMNAS/OS	GRUPOS	CURSO	ALUMNAS/OS	GRUPOS
1º BCH	27	1	1º BCH	60	2
2º BCH	30	1	2º BCH	50	2

3.- HORARIO XERAL DO INSTITUTO

3.1 Horario lectivo

O horario do IES de Cacheiras é de 8:30h até as 15:00h luns e martes e de 8:30h a 14:10h de mércores a venres.

Durante o curso 2023-24 temos dous recreos de vinte minutos para todo o alumnado, o primeiro desde 10:10h até 10:30h e o segundo desde 12:10h até 12:30h.

Ademais temos establecido nos horarios do profesorado gardas de autobuses que controlan as incidencias na chegada e na saída do alumnado despois das sesións de clase até a incorporación deste ao transporte escolar.

Así mesmo, para o curso 2023-2024 o calendario de avaliacións é o seguinte:

- Avaliación inicial: 16, 17, 18 e 19 de outubro de 2023.
- 1ª avaliación:
 - o 14 de decembro: 1º ESO
 - o 18 de decembro: 2º ESO
 - o 19 de decembro: 4º ESO e 1º BAC
 - o 20 de decembro: 3º ESO e 2º BACEntrega de notas o 21 de decembro de 2023
- 2ª avaliación:
 - o 18 de marzo: 1º ESO
 - o 19 de marzo: 2º ESO
 - o 20 de marzo: 4º ESO e 1º BAC
 - o 21 de marzo: 3º ESO e 2º BACEntrega de notas o 22 de marzo de 2024
- Avaliación e avaliación final ordinaria de 2º bacharelato: aproximadamente o 24 de maio de 2024, pendentas das indicacións da CIUG que marcarán o calendario concreto.
- Avaliación final ordinaria de 1º bacharelato: 10 de xuño. Entrega de notas o 11 de xuño de 2024
- Avaliación final extraordinaria de 1º e 2º bacharelato: 21 de xuño. Entrega de notas o 24 de xuño de 2024
- 3ª Avaliación e avaliación final da ESO: 24 e 25 de xuño. Entrega notas o 26 de xuño de 2024.

Como períodos non lectivos, ademais dos que figuran no calendario escolar para o curso 2023-24, aprobado na Orde do 3 de maio de 2023 (DOG, nº 93, 16 de maio de 2023) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, temos como festivos do Concello de Teo o sábado 11 de novembro de 2023 e o xoves 9 de maio de 2024. O claustro e o consello escolar acordaron solicitar o venres, 10 de maio, día non lectivo, como é pertinente segundo a normativa.

Deste calendario, así como da hora de atención a pais, nais e alumnado que ten o profesorado do grupo do seu fillo/a estarán informados/as os pais e nais do alumnado mediante a páxina web do centro.

3.2 Horas e condicións da dispoñibilidade de uso das instalacións para o alumnado.

No horario lectivo o alumnado utiliza as instalacións sempre en compañía dun profesor/a.

Nos recreos fan uso da biblioteca e das instalacións deportivas en presenza de profesorado que teña horario de biblioteca ou gardas de recreo polo recinto escolar. Nas tardes da semana poden utilizar as pistas deportivas, previa solicitude á dirección do centro, que autorizaría o seu uso facendo responsable ao grupo de alumnos/as ou entidades que presenten esa solicitude coa identificación dos/as seus compoñentes correspondentes, familiares e/ou responsables adultos que se responsabilicen deles/as en caso de ser menores, para que dese xeito non se produzan deterioracións nas instalacións ou outras responsabilidades derivadas do seu uso. As horas de uso van desde as 16:30h ás 20:30h, en que as limpadoras acaban o seu traballo e pechan o recinto.

3.3 Horario de verán

No mes de xullo o IES de Cacheiras permanece aberto en horario de mañá, de 10h a 13:30h.

No mes de agosto, por vacacións do persoal, o centro permanecerá pechado. Con todo, farase público un número de teléfono móbil co fin de realizar as tarefas que fosen demandadas por parte das familias ou do alumnado, así como das empresas de distribución ou mantemento que teñan que levar a termo algún traballo no IES. Farase unha desviación de chamadas para que calquera cuestión, mesmo as indicacións telefónicas, sexa atendida eficazmente e ao instante. Do mesmo xeito, cada semana recollerase o correo, por se houberse algo urxente ao que dar resposta.

4.- ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS (TRANSPORTE)

Dos 679 alumnos/as do centro, 630 usan o transporte escolar. É dicir, case un 93% do alumnado se beneficia deste servizo.

Para realizalo contamos con trece rutas, das cales doce dependen do Servizo de Transporte de Educación e unha de mobilidade. As empresas que realizan ese transporte escolar son a Empresa Seoane e Monbus que formaron unha UTE.

Na ESO, dos 512 alumnos/as matriculados fai uso do transporte 476 (93%). Ademais, temos solicitadas 53 dobres paradas co fin de conciliar a vida familiar.

En bacharelato temos 167 alumnos/as, dos que utilizan o transporte 154 alumnos e alumnas (92,2%), que collen nas prazas libres que quedan nas diferentes rutas do alumnado de ESO. Este alumnado foi rexistrado na aplicación do transporte escolar para a autorización de uso excepcional, segundo a indicación do Servizo de recursos educativos complementarios da Xefatura Territorial.

Estamos á espera de que se produza unha actualización da aplicación do servizo de transporte para que poidamos cargar a todo o alumnado nas súas correspondentes paradas. Unha vez se faga esta actualización será alí onde se poderá consultar a listaxe de alumnado en cada unha das rutas.